



RELACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO, REUNIDA O 18 DE MARZO DE 2020.

1.- ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN CO COVID-19 NUNHA SERIE DE SERVIZOS PÚBLICOS QUE O CONCELLO DE SANTIAGO PRESTA Á CIDADANÍA EN RÉXIME DE XESTIÓN INDIRECTA.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Único.- Ditar as seguintes **instrucións:**

Coa fin de garantir a salubridade pública e o funcionamento dos servizos imprescindibles e esenciais na cidade, como consecuencia da pandemia provocada polo COVID 19, TRASLADO ás mencionadas empresas contratistas e concesionarias as seguintes CON CARÁCTER XERAL:

1. A orde de mantemento dos mesmos, se ben coa indicación xeral e transversal de que deberán adoptar as medidas que salvagarden a saúde e seguridade dos traballadores fronte aos posibles riscos derivados do COVID-19, limitando estes suficientemente mediante a utilización de medios de protección colectiva, ou a adopción de medidas de organización do traballo.
2. O deber de comunicar ao Concello, de forma fidedigna, os plans de continxencia acordados, durante a vixencia do estado de alarma así como calquera incidencia ou variación nos mesmos que poida afectar as condicións de prestación do servizo. Todos eles deberán ser autorizados polo Concello de Santiago de Compostela.
3. A permanente comunicación destas empresas co Concello de Santiago, a través das concellerías delegadas competentes, coa finalidade de dar pronta resolución ás cuestións que poidan presentarse no desenvolvemento diario dos traballos, así como das puntuais actualizacións das ordes de servizo.
4. As ordes concretas para parte das empresas afectas que se xunta como ANEXO á presente instrución.

5. A vixencia destas instrucións estenderase en principio ata o 27 de marzo, sen prexuízo da súa eventual prórroga ou adaptación. No caso do transporte urbano, as instrucións serán adaptadas o próximo luns 23 de marzo segundo os datos de usuarios e necesidade

ANEXO. INSTRUCCIÓN SINGULARIZADAS:

1.- Xestión de recollida de residuos e limpeza viaria: URBASER SA

Dende a empresa comunicouse que:

“Dada la situación actual que estamos viviendo debido al Covid-19, remito breve informe de situación actual del Servicio de Limpieza y Recogida de Residuos de Urbaser en Santiago.

NIVEL INTERNO: no hay a fecha de hoy (17/03/20) ningún trabajador enfermo por coronavirus ni en cuarentena por cuidado de familiar afectado. Se ha favorecido la libranza/vacaciones de aquellos trabajadores que así lo deseen, y a mayores tenemos un caso de una baja preventiva por grupo de riesgo (antecedentes de infarto de miocardio).

NIVEL PRODUCTIVO: se trabaja con normalidad en todos los servicios y los tres turnos, si bien se ha paralizado la recogida de enseres con llamada (pues ya no hay estas llamadas apenas), aunque el punto limpio sigue operativo y seguimos recogiendo los enseres abandonados sin llamada (bastantes estos primeros días de estado de alarma). Asimismo, se han derivado recursos a incrementar el lavado de vía pública y de contenedores/camiones para minimizar dentro de nuestras posibilidades el riesgo de contagio. Por ejemplo, hoy hemos salido con la cisterna al igual que en los meses de verano y siempre que sea posible haremos incluso turno de tarde con las máquinas de agua.

Por último, simplemente comentar que se han aplicado una serie de medidas internas de prevención de riesgos específicas para esta circunstancia, y han sido pactadas y firmadas con la representación legal de los trabajadores. La puesta en marcha está transcurriendo sin incidencias. Son muchas medidas, si bien son muy sencillas.

Hemos entregado a cada trabajador un certificado de movilidad por si la autoridad competente los para en el desplazamiento. De hecho, tanto ayer por la noche como hoy por la mañana varios tuvieron que enseñarlo a la Guardia Civil en los accesos a Santiago.
“

A maior abastanza dos puntos do corpo desta Instrución, esta empresa deberá:

- Aplicar a Instrución en materia de xestión de residuos COVID-19 emanada do Ministerio para a Transición Ecolóxica e da FEMP, xa posta no seu coñecemento dende a concellaría delegada.
- Reforzar a limpeza das vías públicas nas zonas exteriores e circundantes dos establecementos que permanecen abertos ao público, segundo o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión

da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, con especial mención dos centros de venda ao público de produtos alimenticios dada a afluencia de persoas.

- Que se teñan en conta os protocolos de desinfección no emprego dos produtos que deben ser utilizados para a limpeza dos vieiros públicos.

2.- Servizo de alumado público. Ferrovial SA.

Dáse por recibida a comunicación da empresa co seguinte contido:

“El servicio sigue funcionando con normalidad, pero adoptando las medidas siguientes:

1º Se han modificado los horarios de los turnos de trabajo de cada pareja para evitar que coincidan en las instalaciones al mismo tiempo.

2º Se ha impuesto la necesidad de trabajar en diferentes vehículos evitando que las parejas incumplan la norma de seguridad de mantener 1 metro de distancia, asimismo en los propios trabajos se mantendrá esta distancia de seguridad.

3º Se ha recalado siguiendo los protocolos de la empresa todas las normas de seguridad a implementar en cuanto a Seguridad e higiene.

4º Se ha elaborado un documento donde se le indica la necesidad de circular por el término municipal de Santiago para la realización de las tareas y así permitir la circulación ante las Autoridades competentes.

Esta situación se mantendrá así mientras no haya una orden de las autoridades Estatal, Autonómica o Local que modifique e impida el correcto funcionamiento del servicio en cuyo caso se comunicará de esta nueva situación”.

3.- Xestión do Tanatorio Municipal: ALBIA SA

Reitéranse as obrigas na materia ditadas polas autoridades competentes así como as aprobadas pola Xunta de Goberno de 13 e 14 de marzo de 2020 segundo as cales a empresa concesionaria deberá:

- Limitar o aforo máximo das instalacións a 50 persoas, como máximo, incluído o persoal que preste servizos.
- Instalar dispensadores de xeles hidroalcolicos invitando aos usuarios a que o empreguen ao acceder e saír do recinto.
- Realizar un seguimento puntual das recomendacións sanitarias para a axeitada protección do persoal e dos usuarios.
- Como medida adicional á de limitación a un máximo de 50 persoas do aforo nas instalacións do servizo:

- Limitase a un máximo de 25 a presenza simultánea de persoas na capela do tanatorio.
- Limitase a un máximo de 6 a presenza simultánea de persoas en cada sala- velatorio.

A presenza máxima de persoas calcularase incluíndo ao persoal que presta servizos nas instalacións.

A maior abastanza, indicarlle que debe de respectar o establecido no artigo 11 do RD 463/2020, de 14 de marzo que dispón:

"adopción de medidas organizativas consistentes en evitar aglomeraciones de personas, en función de las dimensiones y características de los lugares, de tal manera que se garantice a los asistentes la posibilidad de respetar la distancia entre ellos de, al menos, un metro. ", e nas disposicións ditadas ao respecto pola Consellería de Sanidade.

Así mesmo, respectarase o Documento técnico do "Procedemento para o manexo de cadáveres de casos de COVID-19" elaborado polo Ministerio de Sanidade na súa versión do 13 de marzo de 2020.

4.- Conservación e mantemento de parques e xardíns: CESP SA.

Dáse por recibida a comunicación da empresa co seguinte contido:

Propostas para a prestación do servizo :

CESPA – Santiago Xardíns propón dúas alternativas organizativas, tendo como obxectivos a protección da saúde dos traballadores e das súas familias; e por suposto contribuír e prestar servizos a cidade en calquera aspecto que resulte crucial para afrontar esta crise.

Nesta situación de emerxencia os servizo de conservación de zonas verdes non poden ser considerados como un servizo básico esencial. Pero poden ser importantes outro tipo servizos ou a colaboración coa comunidade que a empresa poida aportar, polo que CESP se pon a disposición do Concello de Santiago de Compostela.

As propostas seguintes, pretenden tamén minimizar o risco de unha potencial corentena dos traballadores, por infección de algún deles, e que implicaría unha suspensión obrigada do servizo por baixa de IT.

Proposta organizativa 1

Esta proposta ten como primeiro obxectivo a saúde dos traballadores e das súas familias ao tempo que se presta o servizo necesario durante a situación de emerxencia.

Consiste na suspensión parcial do servizo de conservación de zonas verdes durante a situación de emerxencia. Durante esta situación acudiría a traballar un grupo reducido de traballadores en horario de mañá e outro en horario de tarde, para realizar servizos de limpeza e calquera outro servizo de emerxencia que o Concello de Santiago de Compostela requira. **No caso de que a situación de emerxencia o requira, todos os traballadores acudirán ao posto de traballo**, para o que se aplicara a organización en quendas descrita para a proposta 2.

Unha vez superada esta situación de emerxencia, que non sabemos canto se prolongará pero si que vai a ser temporal, recuperaremos sen excepción, todas as horas perdidas no servizo, realizando traballos de reforzo, ampliando horarios e empregando persoal extra.

Aplicase o teletraballo para os postos de oficina, para o que dispoñen de medios e tecnoloxía.

Proposta organizativa 2

Esta proposta ten como obxectivo manter a actividade plena do servizo, ao tempo que se toman medidas preventivas para saúde dos traballadores e das súas familias.

Consiste en repartir a os traballadores dúas quendas, unha de mañá e outra de tarde, con horarios de entrada e saída escalonados. Esta fórmula evita aglomeracións nos vestiarios (nunca mais de 4 persoas), e garante que o traballo se poida realizar individualmente e sen compartir vehículos. Con esta proposta non se perden horas de traballo durante a situación de emerxencia, aínda que **o risco de unha potencial suspensión total por corentena da plantilla é maior.**

Aplicase o teletraballo para os postos de oficina, para o que dispoñen de medios e tecnoloxía.

Mediante a presente **indícaselle** que, con posibilidade de revisión futura da decisión, adóptase a proposta de continxencia nº2 sendo por tanto esta a prestación do servizo no entanto non se modifique por indicación municipal.

5.- Instrución ás empresas concesionarias de aparcadoiros municipais relativa ao acceso dos aseos e servizos hixiénicos por parte do persoal de servizos esenciais da cidade que realizan a súa actividade na rúa durante o período do estado de alarma decretado por real decreto 463/2020, do 14 de marzo por razón de crise sanitaria ocasionada polo covid19

1.- As concesionarias dos aparcadoiros municipais da cidade deberán permitir o acceso aos aseos e servizos hixiénicos das súas instalacións aos traballadores e traballadoras de forzas e corpos de seguridade, limpeza viaria e recollida de lixo, mantemento de redes de servizos públicos, mantemento de vías e espazos públicos, transporte público ou taxis e actividades similares encargadas do mantemento de bens e servizos na cidade.

2.- O acceso ás instalacións por parte dos traballadores e traballadoras dos servizos sinalados efectuarase de acordo coas instrucións de seguridade e saúde laboral decretadas pola concesionaria titular, de acordo cos seus horarios de apertura e peche e de acordo coas regras de permanencia e distancia ditadas polo goberno de España.

3.- Os servizos de prevención laboral das contratas municipais ou servizos municipais afectados, así como os das concesionarias de aparcadoiros municipais darán conta aos traballadores e traballadoras das medidas deste Decreto.

4.- Deberán extremarse as medidas de limpeza e hixiene por parte das concesionarias en relación aos aseos e servizos hixiénicos dos aparcadoiros.

5.- A duración desta medida manterase en tanto dure o peche de establecementos abertos ao público decretada polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo por razón de crise sanitaria ocasionada polo covid19, así como os de titularidade municipal segundo o Decreto da Alcaldía de 12 de marzo.

6.- Mercagalicia.-

Dáse por recibido o plan de continxencia achegado no día 16.03.20 o que se acepta, íntegramente.

Non se autoriza ás peticións especiais trasladadas

7.- Xestión do Transporte colectivo urbano de viaxeiros: TRAPSA AULUSA UTE

Analizado o informe facilitado por TUSSA, atinxinte a datos e usuarios ao longo da fin de semana e do primeiro día laborable trala declaración do Estado de alarma -que se xuntan á presente instrución- resulta evidente a necesidade de proceder a dimensionar o servizo prestado, adecuado á nova realidade temporal.

En apertada síntese, no que respecta á demanda, mentres que o pasado luns día 9 de marzo o servizo de transporte urbano atendeu unha demanda de 27.516 usuarios, o día 16 a demanda atendida foi de 3.307 usuarios, o que supón un 87,98 % menos.

Así, e sobre a orde xa cursada de redución do aforo máximo de cada vehículo (Acordo da XGL do 13.03.2020), resulta preciso redimensionar tamén o número de liñas en activo e a frecuencia das totais, sempre garantindo as actuais relacións de mobilidade, e dous aspectos esenciais á hora de ditar a presente instrución:

- Manter un servizo continuo e de garantía de todas as liñas que cobren os centros hospitalarios, favorecendo os desprazamentos non só aos usuarios senón ao conxunto do persoal sanitario.
- Garantir que todas as zonas da cidade, urbana ou rural, con servizo de transporte municipal non se vexan privadas del e sempre teñan, a pesares da redución de frecuencias, os servizos eventualmente necesarios, que garantan os desprazamentos a primeira hora, mediodía e noite.

Así pois, ordénase para o servizo en días laborables, a porcentaxe de redución no número de expedicións con respecto a un día laborable, é dun 44,83 %, pasando de 1.035 a 571 expedicións, mentres que a frota a utilizar baixa nun 38%, ca seguinte distribución:

- Manter as frecuencias de laborables nas liñas que atenden os hospitais da cidade: **liñas 12 (Os Tilos – Hospitais), así coma as liñas circulares C2 e C4.**

- **A Liña 1 que conecta a cidade co complexo hospitalario (CHUS)** contará cunha frecuencia de 20 minutos.

- **Liña 4 (Romaño – As Cancelas):** Horarios de Domingo (1 bus en lugar de 2, con frecuencia de 60'), pero empezando ás 7:00 en Romaño e 7:30 en As Cancelas. Pasos por Mallou: saídas de As Cancelas 8:30 10:30 14:30 20:30.

- **Liña 5 (Vite – Conxo):** Horarios de Domingo (2 buses en lugar de 5, con frecuencia de 30' / 40'), engadindo saídas de Vite ás 6:40 e 7:00, e da Rocha ás 7:00 e 7:30. Adaptación das prolongacións a Hospital Provincial e Rocha Vella nas primeiras horas do día.

- **Liña 6 (Os Tilos – San Marcos):** Horarios de Domingo (3 buses en lugar de 5, con frecuencia de 30'), engadindo 1 saída de San Marcos ás 7:00. Adaptación das prolongacións a Bando e Vilamaior. Mantense o servizo das 6:00

- **Liña 7 (Aríns – San Roque):** Suprímese o bus a Fornás, facendo o bus de Aríns a prolongación a determinadas horas.

Igualmente, suprímense servizos en franxas horarias de baixo uso. Servizos resultantes ao 50%

-**Liña 8 (Tanatorio – Vidán):** Horarios de Domingo (1 bus en lugar de 2, con frecuencia de 60'), pero empezando ás 7:00 en C. Vilares e 7:30 en Vidán. Adaptación das prolongacións ao tanatorio, reducindo os servizos a horas punta de mañá, mediodía e tarde.

- **Liña 9 (CDC – Casas Novas):** Horario de laborables soamente en quenda de mañá (1 bus, frec. 60'), circulando de 7:30 a 15:30 (derradeira saída ás 15:00 da Cidade da Cultura).

- **Liña 13:** SUPRÍMESE

- **Liña 15:** SUPRÍMESE.

- **Liña C5:** SUPRÍMESE.

- **Liña C6 (circular Costa Vella):** Horario de laborables (1 bus, frec. 60').

- **Liña C11 (Circular As Fontiñas):** Horarios de Domingo pero cos 2 buses circulando mañá e tarde, en lugar dos 4 buses habituais en laborable. Frecuencia de 20'. Engadir 2 saídas máis a primeira hora para acceso a postos de traballo.

- **Liña P1 Figueiras:** Horarios de Sábado. (similar a domingo pero cós servizos a 1ª hora para acceso a traballos).

- **Liña P2 Ortoño:** Horarios de Sábado. (similar a domingo pero cós servizos a 1ª hora para acceso a traballos).

- **Liña P3 Sta. Lucía-Susana:** Horarios de Domingo (frec. 60') pero empezando ás 7:00 en Valle Inclán e 7:30 en Susana.

- **Liña P4 Sionlla:** Mantense o servizo.

- **Liña P6 Pol. Tambre:** Manter servizos pola mañá e reducir algún pola tarde (é das liñas que menos usuarios perde).

- **Liña P7 Peregrina – Pardaces – Grixoa:** redución ao 50% dos servizos, mantendo horas punta (mañá, mediodía e tarde).

- **Liña P8 Villestro – Reborido:** redución ao 50% dos servizos, mantendo horas punta (mañá, mediodía e tarde).

2.- APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO NÚMERO TELEFÓNICO DE ATENCIÓN Á VECIÑANZA PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL 010.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Único.- Aprobar o Protocolo de funcionamento do servizo do número de atención telefónica á veciñanza en situacións de emerxencia (010).

3.- SUSPENSIÓN DO CONTRATO “SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/ COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2019- 2020”.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro.- Suspender a execución do contrato “Servizo de catering e de persoal monitor/ coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019- 2020”.

Segundo.- Dispor o levantamento dunha acta na que se consigne o estado de execución do contrato.

Terceiro.- Notificar este acordo ao contratista para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

4.- CONVALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA REALIZADAS POLA ALCALDÍA CON MOTIVO DA CRISE SANITARIA ORIXINADA POLO COVID-19.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro.- Convalidar os contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia e de conformidade coa habilitación conferida pola

Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2020, que se indican a continuación:

- **“Subministración, na modalidade de aluguer, e mantemento de aseos portátiles** á empresa ECOFERSA SISTEMAS INTEGRALES, S.L. (CIF B-85849925), por un prezo de 1.948,10 euros, IVE incluído.
- **“Servizo de limpeza nos edificios e instalacións do concello de Santiago de Compostela”** a EMPRESA ISS FACILITY SERVICE, S.A.” (CIF A-61895371) por un prezo de 100.000,00 euros, IVE incluído.
- **“Servizo de comedor aos nenos e ás nenas beneficiarias de bolsas de comedor”** a Freire Chico SL, con CIF núm. B-15363831 por un prezo máximo, que ten a natureza de orzamento limitativo, de 33.000,00 euros, IVE incluído ao mes.

Segundo.- Ampliar o obxecto do contrato **“Servizo de comedor aos nenos e ás nenas beneficiarias de bolsas de comedor”**, estendendo o servizo ás persoas en situación de risco de exclusión social e vulnerabilidade que se determinen pola Área de Servizos Sociais, cun alcance estimado de 50 menús adicionais aos previstos inicialmente no contrato.

5.- PROPOSTA DA XERENCIA DE TUSSA, S.A. SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR NO SERVIZO DE ORA CON MOTIVO DO COVID-19.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Único.- Que as zonas que se indican a continuación sexan zonas de libre estacionamento e, por tanto, libres de control horario e de aboamento do servizo.

Esta medida será de aplicación a partir do vindeiro venres día 20 de marzo de 2020, sen prexuízo da súa modificación por razón dos acontecementos que sobreveñan.

Zonas que se declaran de libre estacionamento:

| |
|--------------------------------|
| AVDA. DA CORUÑA |
| AVDA. DE COMPOSTELA |
| AVDA. DAS BURGAS |
| AVDA. NOVOA SANTOS |
| AVDA. DE LEGAZ LACAMBRA |
| AVDA. DAS CIENCIAS |
| AVDA. DE VIGO |
| AVDA. JORGE ETCHEVERRI |
| AVDA. GOMEZ MARZOA |
| SEMIN ESTUDIOS GAL EGOS |

7.- ELABORACIÓN DUNHA PROPOSTA SOBRE A INCIDENCIA NOS TRIBUTOS MUNICIPAIS DAS MEDIDAS PREVISTAS NO RD- LEI 8/2020, DO 20 DE MARZO.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Único.- Encomendar á Concellería Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local a elaboración dunha proposta sobre a incidencia e efectos no sistema tributario do Concello de Santiago de Compostela das medidas establecidas no Real Decreto- Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.